

BANDO

D. JOSÉ A. EIRAS PAZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MORAÑA.

FAI SABER:

Que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Acción Social aprobou o **PROGRAMA DE TURISMO SOCIAL 2009** para persoas da Terceira Idade, cos seus respectivos cónxuxes, coas seguintes quendas: TURISMO TERMAL (con todo incluído), TURISMO TERMAL (só con tratamento termal) e INTERCAMBIO.

Para poder ser **beneficiario/a** deste programa, deberanse reunir os seguintes requisitos:

- Ser maior de 65 anos ou ser maior de 60 anos e pensionista.
- Residir na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Non padecer trastornos mentais graves, nin enfermidade infecto-contaxiosa.
- Poder valerse por si mesmo.

Haberá 64 prazas para as parellas que celebren as súas vodas de ouro.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

◆ **ATA O 15 DE ABRIL.**

DOCUMENTACIÓN QUE TEÑEN QUE ACHEGAR:

- Solicitud debidamente cuberta.
- Fotocopia do D.N.I. do solicitante e do cónxuxe.
- Informe médico do solicitante e do cónxuxe.
- Fotocopia compulsada do Libro de Familia en caso de “vodas de ouro”.

Para máis información e cubrir as solicitudes poden dirixirse ás oficinas do Servizo Social de Atención Primaria do Concello de 9 a 14 horas.

O que se comunica para xeral coñecemento.

Moraña, 26 de marzo de 2009

O ALCALDE

JOSÉ A. EIRAS PAZ